



Son só miña

(Adaptación do libro “Soy solo mía”, de Raquel Díaz Reguera)

Tradución: Sagrario Seara Sampedro

Colaboración: Alumnado de Proxecto Competencial de 5º A



Como todos os xoves, Ratoa foi cear coa súa pandilla.

Os seus amigos e amigas notárona seria, algo triste, apagada.

Miraba o reloxo como se tivese présa por que pasaran os minutos.

Unha semana antes, ratoa mudárase a unha bonita rateira xunto a Rato. Estaba tan ilusionada! Non entanto, esa noite non parecía feliz.

- Atópaste ben Ratoa? Estás nerviosa?
- É que quero chegar pronto a casa, antes de que Rato se preocupe por min.



Aquel xoves Ratoa regresou a toda présa. Rato esperábaa coa casa en silencio.

- Non chegas moi tarde? - escoitou ela nada máis pechar a porta. E, sen pensalo, pediu desculpas. Aínda que no fondo non sabía moi ben por que se desculpaba.

Rato esquivou cun bufido o bico que Ratoa ía darlle.



Pasaban os días e Ratoa e Rato ían e viñan e, unha vez na casa, compartían edredón, mesa, e máis dunha discusión que el sempre finalizaba dicindo:

- Non ves que o fago todo por ti? Quérote tanto, Ratoa!, dime que es só miña...

E Ratoa disimulaba, pero nada era como ela se imaxinara.

Unha mañá, Rato chegou cun agasallo.

- Que é? – preguntou Ratoa entusiasmada mentres o desenvolvía – Un libro de cociña! - dixo estrañada - Pero se a min non me gusta cociñar...
- Como que non? A todas as ratoas lles gusta cociñar.

E dicindo isto, arrincoulle o libro das mans. Ratoa sentiu que a percorría un calafrío. Aquela mirada de rato non parecía dun rato, tiña un brillo distinto.

Uns días despois Ratoa sorprendeu a Rato co seu móbil nas mans.

- Estás mirando as miñas mensaxes? - preguntou.

- Acaso tes algo que ocultarme? - comentou el.

- Non - dixo Ratoa - , pero...

- Pero? - cortou el en seco soltando o móbil.

Ratoa volveu a estremecerse. Aqueles bigotes de rato non parecían dun rato.



Aquel xoves os amigos e amigas de Ratoa quedaron agardando. Ela non chegou á súa cita semanal. Xusto antes da sobremesa soou un teléfono.

- É Ratoa, que non puido vir, que xa nos verá o próximo xoves.

Que raro, pensaron, aínda que ninguén dixo nada.

Pasaban os días e Ratoa e Rato ían e viñan. E unha vez na casa compartían edredón e mesa e charla, e máis dunha discusión nas que ela se facía máis e máis pequena e el repetía:

- E que te quero tanto Ratoa..., dime que es só miña. Non podo vivir sen ti, dime que es só miña.

E Ratoa disculpábao, pero a realidade era que as cousas non eran como ela as imaxinara.

Unha tarde, Rato chegou cun paquete para Ratoa.

- Outro agasallo! Que é? - preguntou ansiosa mentres o desenvolvía - . Un camisón... - dixo estrañada.

- Si, xa podes tirar ese pixama tan feo.

- O meu pixama de flanela? Pero se a min me encanta! É moi quentiño.- respondeu Ratoa tristeira.

- Non queres estar guapa para min? - preguntou Rato. E marchou deixándoa coa palabra na boca.

Ratoa asustouse ao velo saír pola porta. Como podía ser? Por debaixo da súa chaqueta asomaba a súa cola, pero aquela cola non parecía a dun rato.

Volvía a ser xoves e Ratoa estaba no baño acicalándose cando Rato se quedou mirándoa.

- Non te estás maquillando demasiado? Con quen quedaches? E ese carmín de beizos tan vermello? Non cho vira antes.

Ratoa non puido evitar avergoñarse e sen pensalo borrou o carmín da boca, aínda que no fondo non sabía por que o borraba. Sobresaltouse mentres Rato se alonxaba. Sen dúbida era un miañido o que escoitara ás súas costas.

Aquela noite Ratoa non acudiu á súa cita. Ninguén soubera nada dela en toda a semana. As súas amigas e amigos pensaban:

Temos que facer algo para axudala.

Pasaban os días e Rato e Ratoa ían e viñan. E unha vez na casa compartían silencios e unhas discusións nas que ella se facía máis e máis pequena.

Ratoa empezou a sentir un estraño temor cada vez que as súas palabras ou a súa actitude disgustaban a Rato.

E Rato enfadábase por calquera cousa, e calquera cousa era culpa de Ratoa.

O medo ocupou o lugar da ledicia que antes brillaba no sorriso, agora desdebuxado, de Ratoa.



Ratoa ultimamente non collía o teléfono, pero eran tan insistentes as chamadas das súas amigas e amigos que acabou por contestar a algunha delas.

- É que a Rato non lle gusta que vaia ao cine con ninguén, ponse celoso, pero é porque me quere e non pode estar sen min...

É que non lle gusta que me vista como se fora unha ratiña presumida, pero eu sei que o di porque me quere...

É que, é que, é que...Non o entendedes? Todo é porque me quere.

- Iso non é amor – díxolle rotundamente unha das súas amigas a última vez que falou con ella, pero Ratoa colgou enfadada e desde entón non volvera responder ás súas chamadas.

Nin ás súas nin as de ninguén.

Era sábado e Ratoa espertárase contenta, durmira ben, e iso que nalgún momento lle pareceu escoitar que Rato miañaba.

Preparaou un almorzo succulento e serviu a mesa. Rato lambía un anaco de queixo mentres ela contaba que a ascenderan no traballo.

- Que farías para conseguilo? - dixo el con ton acusador.

Ratoa encolleuse como un animal amedrentado cando lle pareceu ver que debaixo dos bigotes de Rato asomaban uns cabeiros en punta.

Non obstante, Ratoa atreveuse a contestar enfadada:

- Conseguino porque son boa no meu traballo.

Rato mirouna cuns ollos descoñecidos.

- Ha! Xa o imaxino! - miañou – Non cres que deberías comer menos queixo? Estás poñéndote gorda.

Ratoa sentiu que lle faltaba o aire cando notou as gadoupas de Rato sobre a súa man. Como podía ser? Eran unhas afiadas unllas de gato.



Pero esa vez o medo non a paralizou como outras veces. Decidida, correu ata a porta e conseguiu fuxir. Para entón Rato era un gato coa pelaxe crecha; seguramente sempre o fora.

Ratoa abriu os ollos. Aínda tremía cando comezou a camiñar sen rumbo. O seu corazón recuperou o alento e cesaron as bágoas.

Soubo que aquel día era o primeiro dunha vida nova. Só podía ser mellor que a que deixara atrás.

Agora dábase conta do que sempre soubera, e é que cando alguén te quere non te anula, non te illa, non che berra, non te fai sentir pequena, non te controla e por suposto non che dá medo.

Ratoa espertara do seu pesadelo.

Agora tamén sabía que non estaba soa, nunca o estivera. Os que a querían, esperábana cos brazos abertos.

Respirou moi fondo, convencida de que algún día, aínda lonxano, o medo acabaría por irse. E agora si, Ratoa ergueu a cara e díxose a si mesma, pronunciando detidamente cada palabra:

- Eu son só miña, só miña...Sempre.

